

## VIN POR AMOR – Tés que vir, e quedarás tolo

Eu aquí vin por amor,  
e quedei engaiolada.  
Gandeiro é o meu señor,  
o que me deixa sen fala.

Municipio desbordante  
de calidade gandeira,  
cotos de caza admirables  
fana unha vila senlleira.

Coñecín a Fortaleza,  
Castelo de Castroverde,  
e seducíume a beleza  
desta vila, por enxebre.

Ó camiño Primitivo,  
de Santiago, faise ruta.  
Se ti queres sendeirismo,  
velaquí a túa desculpa.

A maior das afeccións  
é a de montar a cabalo,  
contan con Asociacións  
que axilizan os traballos.

A Área Recreativa,  
“Veiga do Olmo” acumada,  
conta con varias Piscinas  
súper acondicionadas.

Pasatempos de verán  
para pequenos e mozos,  
para poder descansar  
do mes de xuño ata agosto.

Cun Polígono Industrial  
neste intre, en expansión,  
pra aquel que queira investir,  
aquí ten a súa ocasión.

Sempre en domingos alternos,  
compaxinando con Meira,  
nesta terra milagreira  
celebraremos a feira.

Ademais, no mes de agosto,  
o feiral da Artesanía.  
E unha Feira Medieval,  
en xuño, cos seus tres días.

A festa da xuventude,  
ten fama no municipio,  
organízase en decembro  
para abrírnos o apetito.

Aos avós tamén adican  
unha festa co seu nome,  
que celebran en abril,  
e disfrutan ata os xoves.

Seu santoral é o Santiago,  
a vinte e cinco de xullo.  
Trunfa a Feira do Cabalo,  
e atraccións pra os diminutos.

Vin terras ben decoradas,  
ben tratadas, moi belidas,  
pero esta, por namorada,  
é das miñas preferidas.

Temos ata club de fútbol  
e unha escola infantil.  
Sexas de fóra ou de Lugo  
debes animarte a vir.

A vida aquí é outro conto,  
respiras tranquilidade,  
lonxe de todo alboroto  
e preto da eternidade.

Das trinta e sete parroquias,  
a de “Monte”, é a que me inqueda,  
pois esta é a que me da vida,  
Santa María, é a súa serva.

O párroco participa  
como un compañeiro máis.  
El fai amenas as misas,  
vén da cidade a misar.

VIN POR AMOR – Tés que vir, e quedarás tolo

Mais con todo canto ofrece  
Castroverde e arredores,  
eu quedaría coa xente,  
pois provocan que namores.

Eu namorada me sinto,  
sincera podo dicilo,  
convídate a este recinto  
porque quero compartilo.